

CONVOCATORIA DO IX PREMIO DE TRADUCIÓN PARA O GALEGO DE TEXTOS CIENTÍFICO-TÉCNICOS DA FACULTADE DE FILOLOXÍA

A Facultade de Filoloxía, en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística da UDC, convoca o *IX Premio de Tradución ao Galego de Textos Científico-Técnicos*.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

Contribuír para a dinamización, difusión e uso da lingua galega en contextos científico-técnicos.

2. PARTICIPANTES, FORMA E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

2.1. Esta convocatoria vai dirixida a todo o estudantado da Universidade da Coruña.

2.2. A entrega dos traballos realizarase antes das 14h00 do día 25 de marzo de 2019.

2.3. Establécense catro modalidades:

- a. tradución directa do francés para o galego
- b. tradución directa do inglés para o galego
- c. tradución inversa do galego para o francés
- d. tradución inversa do galego para o inglés

2.4. Os textos para traducir son os seguintes:

a) Kuntzer, T. & et Lettry-Trouillat, R. (2000). "Myalgies et intolérances musculaires d'effort", *Revue Médical Suisse*, Vol. 4 (dispoñíbel en <https://www.revmed.ch/RMS/2000/RMS-2300/20524>).

b) Deuschl, G. (2017). "The future of Neurology in Europe", *Clinical and Translational Neuroscience*, Vol. 1 (dispoñíbel en <https://journals.sagepub.com/doi/10.1177/2514183X17714096>).

c-d) Losada Vázquez, M. C. (2000). "Os coñecementos neurobiolóxicos na formación dos especialistas en educación", en Santos Rego, M. A. (ed.), *A educación en perspectiva. Homenaxe ao profesor Lisardo Doval Salgado*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

2.5. Presentaranse dúas copias dos textos, unha en papel, escrita a duplo espazo, e outra en CD (en formato pdf). Entregaranse na Facultade de Filoloxía baixo sistema de plica, quer na Secretaría do Decanato, quer por correo postal, indicando no sobre *IX Premio de tradución para o galego de textos científico-técnicos*, o lema e a modalidade a que se optar. Neste sobre incluírase a versión impresa do texto traducido, a versión en pdf gravada no CD e un segundo sobre fechado (en cuxo exterior figurará o mesmo lema) que conterá a identidade e os datos académicos completos da persoa participante, unha fotocopia do Documento Oficial de Identidade, un teléfono e un correo electrónico de contacto.

3. MEMBROS DOS XURIS E DATA DA RESOLUCIÓN

3.1. Os dous xurados estarán integrados polo profesorado da Facultade de Filoloxía que se indica a seguir:

Francés

Presidenta: Mercedes Regueiro Diehl
Secretaria: Dolores Sánchez Palomino
Vogal: Xoán Luis López Viñas

Código Seguro De Verificación	tfYgREry6UsEXKmQDuy0wg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	28/02/2019 10:51:16
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/tfYgREry6UsEXKmQDuy0wg==		





Inglés

Presidente: David Clark Mitchell
Secretaria: María Jesús Cabarcos Traseira
Vogal: Roberto Samartín

3.2. Os actos derivados da presente convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do centro e nos seguintes enderezos web: www.udc.gal/filo; www.udc.gal/snl.

3.3. Non se concederán accésits.

3.4. A decisión dos xurados é inapelábel e publicarase durante o mes de abril de 2019.

4. DOTACIÓN ECONÓMICA E FINANCIAMENTO

4.1. O premio está dotado con 200 € para cada un dos textos gañadores.

4.2. O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 0100.0107.422D.480.02.

A dotación total para o premio é de 800 €.

* * *

A participación neste certame implica a aceptación das presentes bases.

A Coruña, 27 de febreiro de 2019

O secretario xeral

Carlos Aymerich Cano

Código Seguro De Verificación	tfYgRERy6UsEXKmQDuy0wg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	28/02/2019 10:51:16
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/tfYgRERy6UsEXKmQDuy0wg==		

